

“DEITAREIME SILANDEIRO, HUMILDE...”

ALFONSO BLANCO TORRADO

No trance da separación de Manuel María temos a sensación forte de que a palabra venceu á morte, que o poeta segue con nosoutras e nosoutros. Sentimos o latexo do bardo da Terra Chá nos seus versos e no corazón da súa escrita. Manuel queda prendido na paisaxe da Terra Chá celebrando para sempre o vir á vida neste leito, por iso non hai creba na súa presenza puntual en todas as chamadas que lle fai a vida.

A súa lírica nace da sinceridade e fidelidade do seu compromiso con Galicia que en moitos momentos custoulle persecución, pero o Manuel mantivo sempre esta loita con esa elegancia e beleza que endexamais perdeu, nin nestes derradeiros días.

Neste golpe á sensibilidade humana que é a perda da súa visibilidade física non hai sinal de desfeita algunha, a presenza de Manuel emerxe con esa paz que el sempre transmitía. Abrolla no noso fondo a experiencia real que a súa unión á Terra que sostivo sempre a súa vida e a súa obra é a ofrenda natural dun home entregado en corpo e alma á vida que non coñece fronteiras nin a falla de alento.

Con este talante comprendemos que fose Manuel o que nos descubrixe a Terra Chá naqueles tempos escuros, foi o primeiro en pousar a súa ollada tenra e garimosa nos segredos e nos perfís que constitúen a vida cotidiá da nosa natureza que se diversifica deste xeito neste recanto do mundo. O noso poeta imbrícase coa expresión axeitada e cordial a todos os saloucos da vida, unha palabra de benvida nunhas circunstancias, noutras de denuncia, sempre cordial e cargada de luz e verdade.

Seguimos camiñando con Manuel María con todo o vagar do mundo, axudándonos do seu bastón que tanto sabe de andares pola nosa terra, e lemos aqueles versos case inéditos de *Os lonxes do solpor*.